

Músicas durmidas

Músicas durmidas

Músicas durmidas

Músicas durmidas

Músicas durmidas

JOSÉ ABEAL LÓPEZ*

Debuxos: Alfredo Erias

Fóronseme tan lonxe os ollos hoxe
que os atopei perdidos polas terras
da infancia entre as cousas máis sinxelas:
a auga, a herba, o ar, o espido son
das músicas durmidas cal sementes
nos recendos purísimos do chan.

* **José Abeal López** (Ambroa, Irixoa, A Coruña, 1954) realizou estudos de bacharelato na cidade de Betanzos e licenciouse en Filoloxía Clásica na Universidade de Santiago de Compostela. Desde 1981 exerce como profesor de ensino medio, na actualidade no IES Salvador de Madariaga da Coruña. Poemas da súa autoría viron a luz nas revistas *Poesía Galicia* e *Grial*. Participou ademais nos libros colectivos *Alma de beiramar* e *Homenaxe a Ánxel Casal*, editados os dous pola Asociación de Escritores en Lingua Galega. É autor dos libros *Herba do tempo* e *Ave de luz*, editados por Espiral Maior.

Chámame ao lonxe un sol estremecido
desde as ribeiras fondas da memoria
xunto ás lúas perennes da nostalxia,
onde dormen os merlos namorados
polos vimbios aqueles do meu val.



Aló no corazón aínda dormen
as vellas emocións daquel outono
envoltas no silencio mineral
da miña vida en ánforas de vidro.



Mergullado na luz levanto o canto.
Voan aves con cítaras e lendas
aló no fondo do meu ser ardendo,
onde pousan as brasas do vivido.

Estás, barco, no porto xa tan canso,
tan triste e abandonado coma os mortos,
venceronte as galernas dos océanos,
os tabeiróns do tempo que esnaquizan
todo aquilo que se ergue sobre o mundo.

Na memoria as antigas singraduras,
dondos faros durmidos entre as néboas.



Cantas cousas fermosas levas dentro
para os teus cemiterios invisibles,
innumerables vidas enterradas
no infinito mutismo dos abismos.

Que desacougo aló no corazón!

Que inmensos sonhos brillan naquel río
que levou a tantos á lagoa branca!





Cando falta xa aquilo que se amou,
queda un inmenso vougo nas entrañas,
un silencio entre as pedras e unha friaxe
muda polos recunchos e silveiras.
O corazón vai escurecendo lento
entre as acedas brétemas do tempo.

A loba busca vidas cada día
saíndo da lobeira sen ser vista
percorre as raiceiras do que existe
e sobe polas saibas ata as cernas
e alí consome ocultamente todo.




Quen te creou fugaz e permanente,
río e mar, tácita presenza, neve?
Compañeiro, ti vas comigo sempre
aló dentro escondido nas arterias,
polo líquido vivo dos sentidos
cara o vágado ardente das olladas
no límite absoluto do silente.

Vimos da noite orfos, cegos, mudos,
envoltos en misterio e limos grises.

Do que acontece non sabemos nada,
pois sucede no cerne máis oculto.

Unha viaxe fugaz polos camiños,
curtas voltas na luz de cada día,
abraio nas olladas, fondas fendas,
horizontes moi breves na distancia,
un derradeiro leito nas arxilas
e os hálitos voando polo infindo,
peregrinos eternos do invisible.



Agras do meu val, mapas de cor verde
na frescura vizosa dos menceiros,
fráxiles sedas da lembranza inmóbil,
recia brancura en noites de invernía.

Non puiden descubrir nada máis tenro,
maternal, delicado, inabarcable
na lentura da lenta luz do ocaso
polos mares infindos da memoria.



Ai, versos meus, quen vos fará voar
cando eu xa non estea aquí na terra?
Podreceredes entre as follas secas
ou borrarédesvos co paso xordo
do tempo dos papeis onde durmides?

Non o sei, mais presinto tanto esquezo
a botar neve e vento nas calexas
das horas que nos van esmorecendo,
que sinto o rumor morto das palabras
sobre o mundo xa inmóbil coma as pedras.

